

Preguntas típicas dunha entrevista de traballo

- **Estado civil? ¿Fillos? ¿Persoas maiores ou dependentes o seu cargo?.**
Este tipo de preguntas fanse para averiguar a dispoñibilidade do candidato a viaxar, ás horas extras, se ten cargas familiares que lle poidan evitar concentrarse no traballo.
- **¿Cal foi a tarefa máis interesante que realizou no seu traballo anterior?.**
- **¿Interésanlle os postos que ofrecen gran variedade de funcións?.** No mundo empresarial valórase moito a capacidade de adaptarse a varias funcións. Por tanto, contestar que sí, pero sen xeralizar, únicamente indicando aqueles campos para os que se sente capacitado.
- **¿Cáles son as áreas de traballo nas que necesita centrar máis a súa atención?.** Coidado, están preguntando polos puntos débiles e polas actividades que non gusta realizar. Hai que pensar ben (levar preparada) a resposta e nunca citar ningunha relacionada directamente co posto que ofrecen.
- **¿Cómo prefire traballar, só ou en equipo?.** O traballo en equipo é esencial en calquera empresa. Débese indicar que se é perfectamente capaz de integrar nun equipo, pero que tamén pode asumir plenamente as súas responsabilidades individuais.
- **¿Qué foi o que máis lle gustou dos seus estudos?.**
- **¿Qué aficións ten?.** Citar unha ou dúas a ser posible relacionadas co posto de traballo e nunca aquelas que poidan supoñer “estar despistado” do traballo.
- **Descríbame brevemente os cometidos do seu anterior posto de traballo.**
- **¿Cales foron os seus maiores logros?**
- **¿Por qué deixou o seu posto anterior?.**
- **¿Cáles eran as súas relacións cos seus xefes e compañeiros?**
- **¿Cómo ve o seu futuro nesta empresa se é seleccionado?**
- **¿É importante para vostede chegar a un posto de responsabilidade?**
- **¿Se se lle presentase algunha dificultade como a resolvería?**
- **¿Despedírono algunha vez? ¿Por que?¿Cre que foi xusto?.** Moito coidado. Están agardando a que se lle conteste que o despido non foi xusto, que foi

culpa do xefe ou de algún compañeiro. Como se empece a sacar “trapos sucios” da súa anterior empresa estará automaticamente eliminado. Nunca falar mal do anterior xefe ou dos compañeiros. Contestar sempre que foi por motivos económicos ou organizativos da empresa.

- **¿Non cre que lle falta experiencia?**. Se é certo recoñecer que falta experiencia no posto de traballo pero explicar que os xefes delegaban moitas tarefas nun mesmo xa que suplía a falta de experiencia coa formación que si está directamente relacionada co posto ofertado.
- **Parece que lle gusta cambiar de traballo?**. Dicar que non , que o que ocorre é que os outros traballos aceptounos sabendo que eran temporais e coa finalidade de obter unha experiencia útil para desenvolver postos de maior responsabilidade.
- **¿Por qué cre que debemos seleccionalo a vostede?** Nesta pregunta hai que explaiarse pero sempre con argumentos concretos e relacionados co posto de traballo que ofrecen . Falar da formación, dos logros, da vocación, da capacidade de traballar en equipo, do gusto pola formación continua.
- **¿Cáles son os seus puntos fortes?**. Citar polo menos cinco, relacionados co posto. Por exemplo: organización, iniciativa, traballo en equipo, responsabilidade, formación.
- **¿Cales son os seus puntos débiles?**. Indicar os menos posibles e non citar ningún relacionado coas tarefas que debe desenvolver. Enfocar “virtudes” como si foran “defectos”.

É importante facer preguntas ó entrevistador, pero hai que preparalas con coidado e non preguntar nunca se se fixo ben a entrevista. Tampouco se debe preguntar polos salarios nin polas vacacións . E, en xeral, non se debe preguntar ningunha información que se puidera ter obtido se un mesmo se molestara en **buscala.**